



## PREGUNTA ORAL SOBRE OS CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE AUTORES INCLUÍDOS NO MAPA LITERARIO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Ao abeiro do disposto no artigo 101 do ROM do Pleno do Concello o concelleiro que subscribe formula a seguinte pregunta ao goberno local para a súa contestación oral no Pleno:

O Concello de Santiago de Compostela ven de presentar un mapa literario, posibilidade suxerida polo Grupo Popular no mes de xaneiro e comentada de novo no mes de febreiro con ocasión dunha proposición formulada pola concelleira María Tovar. Este proxecto permite, segundo o concello, "acercarse á cidade a través da palabra" e tamén debería servir para por en valor a dimensión cultural e sinaladamente literaria da cidade, para vincular Santiago á literatura de calidade, para sublimar a representación da cidade.

Sucedede que o mapa literario presentado deixa moito que desexar; incluso, considerado con criterio, semella unha chafallada. É obvio que non houbo un previo traballo rigoroso. Concretamente, sorprende que determinados escenarios vinculados a biografía ou a obra literaria de determinados autores non aparezan, e sorprenden algunhas ausencias de autores destacados (Pardo Bazán, Gerardo Diego, Blanco Amor, Carlos G. Reigosa, Méndez Ferrín, etc.) ou sorprende tamén que no mesmo plano de igualdade se inclúan autores clásicos, de renome ou acreditados e, ao tempo, algún autor ou autora sen maior acreditación ou arraigo nas letras, feito este que pode implicar unha discriminación respecto de persoas que, en non menos estimables termos de calidade ou de aceptación da crítica ou do público, procuran facerse un nome no mundo da literatura.

É indubidable que a configuración dun canon literario compostelán non é unha tarefa sinxela, pero tamén é indubidable que a dificultade de establecer tal canon non pode xustificar decisións culturalmente arbitrarias por parte dunha Administración Pública.

Á vista do exposto, Grupo Municipal Popular formula a seguinte pregunta:

*Podería explicar o Goberno municipal, con rigor, cales foron as opinións cualificadas, os traballos e os criterios para a inclusión ou exclusión de diversos autores e escenarios no mapa literario de Santiago de Compostela, e, concretamente, por que se excluíu, entre outros, a Pardo Bazán, Gerardo Diego, Blanco Amor, Carlos G. Reigosa ou a Méndez Ferrín?*

Santiago de Compostela, a 11 de maio de 2016

Alejandro Sánchez-Brunete  
Concelleiro do Grupo Municipal Popular

Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela.